		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Historia da música aplicada á musicoloxía (I-IV)	Cultura, pensamento e historia	3	3	3	3	-	-	-	-	12	2
Música e culturas		-	-	-	-	3	-	-	-	3	2
Introdución á investigación		-	-	-	-	-	3	-	-	3	2
Disciplinas obrigatorias											
Formación laboral e normativa	Formación laboral	-	-	-	-	-	-	1	-	1	1
Arquivística e biblioteconomía	Métodos e fontes para a investigación	-	6	-	-	-	-	-	-	6	4
Codicoloxía, paleografía e diplomática		-	-	6	-	-	-	-	-	6	4
Fontes para a historia da música		-	-	6	-	-	-	-	-	6	4
Historia da interpretación musical (I-IV)		-	-	-	3	3	3	3	-	12	2
Tecnoloxía, organolóxica e fonografía (I-III)		-	-	-	-	3	3	3	-	9	2
Historia da música galega (I-II)		-	-	-	-	3	3	-	-	6	2
Historia da música iberoamericana (I-II)		-	-	-	-	3	3	-	-	6	2
Iconografía musical		-	6	-	-	-	-	-	-	6	4
Introdución á etnomusicoloxía		6	-	-	-	-	-	-	-	6	4
Metodoloxía da investigación histórica (I-II)		-	-	-	-	-	-	3	3	6	2
Música e medios audiovisuais		-	-	-	-	-	-	-	6	6	4
Socioloxía da música		-	-	-	-	-	-	6	-	6	4
Teoría da historia e historiografía		6	-	-	-	-	-	-	-	6	4
Teoría e pensamento musical	-	-	6	-	-	-	-	-	6	4	



Especialidade: Musicoloxía Itinerario: Histórica											
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/ semana
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso			
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Edición musical	Notación, transcripción e interpretación de documentos musicais	-	-	-	-	-	6	-	-	6	4
Metodoloxías para a análise musical		-	6	-	-	-	-	-	-	6	4
Notacións históricas (I-III)		-	-	6	6	6	-	-	-	18	4
Teoría da interpretación da música histórica		-	-	-	-	-	-	3	-	3	1
Crítica musical (I-II)	Musicoloxía aplicada	-	-	-	-	-	-	3	3	6	1
Xestión do patrimonio musical		-	-	-	6	-	-	-	-	6	3
Pedagogía da historia da música	Pedagogía e didáctica	-	-	-	-	-	-	3	-	3	1
Acústica xeral	Tecnoloxía musical	3	-	-	-	-	-	-	-	3	1
Tecnoloxías aplicadas á musicoloxía (I-III)		-	-	-	-	3	3	3	-	9	1,5
Piano aplicado ou segundo instrumento (I-VI)	Formación instrumental complementaria	3	3	3	3	3	3	-	-	18	1
Conxunto (I-II)	Música de conxunto	3	3	-	-	-	-	-	-	6	1,5
Disciplinas optativas	Optativa	-	-	-	-	6		10		16	1 ou 2
Total de créditos de disciplinas de formación básica, obrigatorias e optativas		28,5	31,5	33	27	60		50		230	
Traballo fin de estudos								10		10	
										240 ECTS	



Especialidade: Pedagogía											
Itinerario: Pedagogía do instrumento/canto											
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/ semana
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso			
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Disciplinas de formación básica											
Formación e adestramento auditivo e vocal aplicado (I-II)	Linguaxes e técnica da música	1,5	1,5	-	-	-	-	-	-	3	1,5
Análise (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5
Harmonía e contrapunto (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5
Organoloxía		-	-	-	3	-	-	-	-	3	2
Historia da música (I-III)	Cultura, pensamento e historia	3	3	3	-	-	-	-	-	9	2
Música e culturas		-	-	-	-	3	-	-	-	3	2
Introdución á investigación		-	-	-	-	-	3	-	-	3	2
Disciplinas obrigatorias											
Formación laboral e normativa	Formación laboral	-	-	-	-	-	-	1	-	1	1
Tecnoloxías para a música (I-III)	Tecnoloxía musical	2	2	2	-	-	-	-	-	6	2
Canto ou instrumento principal (I-VI)	Instrumento ou voz	6	6	6	6	6	6	-	-	36	1
Técnicas de control emocional e corporal		-	-	-	2	-	-	-	-	2	2
Didáctica aplicada (I-III)	Didáctica da educación musical	-	-	-	-	6	6	6	-	18	4
Didáctica xeral		-	-	-	-	6	-	-	-	6	4
Técnicas de aula para a didáctica instrumental (I-II)		-	-	-	-	-	-	3	3	6	2
Pedagogía musical	Fundamentos de pedagogía	-	-	-	-	6	-	-	-	6	4
Psicopedagogía		-	-	-	6	-	-	-	-	6	4
Teoría da educación (I-II)		3	3	-	-	-	-	-	-	6	2



Especialidade: Pedagogía											
Itinerario: Pedagogía do instrumento/canto											
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/semana
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso			
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Socioloxía da educación	Organización educativa	-	-	4	-	-	-	-	-	4	2
Institucións educativas		-	-	-	-	-	-	-	3	3	2
Planificación de aula e dinámicas educativas		-	-	-	-	-	-	-	3	3	2
Investigación educativa		-	-	-	-	-	-	3	-	3	1
Composición e instrumentación aplicada (I-II)	Linguaxes e técnica da música	-	-	-	-	-	-	3	3	6	2
Teoría e ritmo (I-II)		-	-	-	-	1,5	1,5	-	-	3	1
Formación e adestramento auditivo e vocal aplicado á pedagogía (I-II)		-	-	1	1	-	-	-	-	2	1
Improvisación e acompañamento pianístico (I-IV)	Formación instrumental complementaria	-	-	-	-	3	3	3	3	12	1
Instrumentos escolares		-	-	-	-	-	2	-	-	2	1,5
Piano aplicado ou segundo instrumento (I-IV)		3	3	3	3	-	-	-	-	12	1
Técnica vocal (I-II)		3	3	-	-	-	-	-	-	6	1
Coreografía e danza (I-II)	Expresión corporal e danza	-	-	2	2	-	-	-	-	4	2
Dirección (I-II)	Técnica da dirección	-	-	3	3	-	-	-	-	6	1,5
Acústica xeral	Tecnoloxía musical	3	-	-	-	-	-	-	-	3	1
Coro (I-VI)	Música de conxunto	-	-	1	1	1	1	1	1	6	1,5
Conxunto (I-II)		3	3	-	-	-	-	-	-	6	1,5
Disciplinas optativas	Optativa	-	-	-	-	5		8		13	1 ou 2



Especialidade: Pedagogía											
Itinerario: Pedagogía do instrumento/canto											
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/ semana
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso			
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Total de créditos de disciplinas de formación básica, obrigatorias e optativas		31,5	28,5	29	31	60		44		224	
Prácticas de profesorado									6	6	
Traballo fin de estudos									10	10	
										240 ECTS	

Especialidade: Pedagogía											
Itinerario: Pedagogía xeral e da linguaxe musical											
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/ semana
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso			
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Disciplinas de formación básica											
Formación e adestramento auditivo e vocal aplicado (I-II)	Linguaxes e técnica da música	1,5	1,5	-	-	-	-	-	-	3	1,5
Análise (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5
Harmonía e contrapunto (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5
Organoloxía		-	-	-	3	-	-	-	-	3	2
Historia da música (I-III)	Cultura, pensamento e historia	3	3	3	-	-	-	-	-	9	2
Música e culturas		-	-	-	-	3	-	-	-	3	2
Introdución á investigación		-	-	-	-	-	3	-	-	3	2



Especialidade: Pedagogía Itinerario: Pedagogía xeral e da linguaxe musical											
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/ semana
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso			
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.		
Disciplinas obrigatorias											
Formación laboral e normativa	Formación laboral	-	-	-	-	-	-	1	-	1	1
Tecnoloxías para a música (I-III)	Tecnoloxía musical	2	2	2	-	-	-	-	-	6	2
Canto ou instrumento principal (I-VI)	Instrumento ou voz	6	6	6	6	6	6	-	-	36	1
Técnicas de control emocional e corporal		-	-	-	2	-	-	-	-	2	2
Didáctica da música e da linguaxe musical (I-III)	Didáctica da educación musical	-	-	-	-	6	6	6	-	18	4
Didáctica xeral		-	-	-	-	6	-	-	-	6	4
Técnicas de aula para a didáctica da música e da linguaxe musical (I-II)		-	-	-	-	-	-	3	3	6	2
Pedagogía musical	Fundamentos de pedagogía	-	-	-	-	6	-	-	-	6	4
Psicopedagogía		-	-	-	6	-	-	-	-	6	4
Teoría da educación (I-II)		3	3	-	-	-	-	-	-	6	2
Socioloxía da educación	Organización educativa	-	-	4	-	-	-	-	-	4	2
Institucións educativas		-	-	-	-	-	-	-	3	3	2
Planificación de aula e dinámicas educativas		-	-	-	-	-	-	-	3	3	2
Investigación educativa		-	-	-	-	-	-	3	-	3	1





Especialidade: Pedagogía Itinerario: Pedagogía xeral e da linguaxe musical												
Disciplina	Materia	ECTS/cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/ semana	
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso				
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.			
Composición e instrumentación aplicada (I-II)	Linguaxes e técnica da música	-	-	-	-	-	-	3	3	6	2	
Teoría e ritmo (I-II)		-	-	-	-	1,5	1,5	-	-	3	1	
Formación e adestramento auditivo e vocal aplicado (III-IV)		-	-	1	1	-	-	-	-	2	1	
Improvisación e acompañamento pianístico aplicado á pedagogía (I-IV)	Formación instrumental complementaria	-	-	-	-	3	3	3	3	12	1	
Instrumentos escolares		-	-	-	-	-	2	-	-	2	1,5	
Piano aplicado ou segundo instrumento (I-IV)		3	3	3	3	-	-	-	-	12	1	
Técnica vocal (I-II)		3	3	-	-	-	-	-	-	6	1	
Coreografía e danza (I-II)	Expresión corporal e danza	-	-	2	2	-	-	-	-	4	2	
Dirección (I-II)	Técnica da dirección	-	-	3	3	-	-	-	-	6	1,5	
Acústica xeral	Tecnoloxía musical	3	-	-	-	-	-	-	-	3	1	
Coro (I-VI)	Música de conxunto	-	-	1	1	1	1	1	1	6	1,5	
Conxunto (I-II)		3	3	-	-	-	-	-	-	6	1,5	
Disciplinas optativas	Optativa	-	-	-	-	5		8		13	1 ou 2	
Total de créditos de disciplinas de formación básica, obrigatorias e optativas		31,5	28,5	29	31	60		44		224		
Prácticas de profesorado									6		6	
Traballo fin de estudos									10		10	
										240 ECTS		

## ANEXO II

**Competencias, perfís profesionais e criterios de avaliación  
dos títulos superiores de Música  
Competencias transversais do/a titulado/a superior de Música**

- T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
- T5. Comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
- T6. Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
- T7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
- T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T9. Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
- T10. Liderar e xestionar grupos de traballo.
- T11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
- T12. Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
- T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
- T14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
- T15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.



T16. Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.

T17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

### **Competencias xerais do/a titulado/a superior de Música**

X1. Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido adecuadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.

X2. Mostrar aptitudes adecuadas para a lectura, improvisación, creación e recreación musical.

X3. Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais.

X4. Recoñecer materiais musicais grazas ao desenvolvemento da capacidade auditiva e saber aplicar esta capacidade á súa práctica profesional.

X5. Coñecer os recursos tecnolóxicos propios do seu campo de actividade e as súas aplicacións na música preparándose para asimilar as novidades que se produzan nel.

X6. Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado ao seu campo principal de actividade.

X7. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en diferentes tipos de proxectos musicais participativos.

X8. Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva.

X9. Coñecer as características propias do seu instrumento principal, en relación coa súa construción e acústica, evolución histórica e influencias mutuas con outras disciplinas.

X10. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos.

X11. Estar familiarizado/a cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os trazos estilísticos que caracterizan o dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa.



X12. Acreditar un coñecemento suficiente do feito musical e a súa relación coa evolución dos valores estéticos, artísticos e culturais.

X13. Coñecer os fundamentos e a estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.

X14. Coñecer o desenvolvemento histórico da música nas súas diferentes tradicións, desde unha perspectiva crítica que sitúe o desenvolvemento da arte musical nun contexto social e cultural.

X15. Ter un amplo coñecemento das obras máis representativas da literatura histórica e analítica da música.

X16. Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica musical, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención á súa dimensión global.

X17. Estar familiarizado/a cos diferentes estilos e prácticas musicais que lle permitan entender, nun contexto cultural máis amplo, o seu propio campo de actividade e enriquecelo.

X18. Comunicar de forma escrita e verbal o contido e os obxectivos da súa actividade profesional a persoas especializadas, cun uso adecuado do vocabulario técnico e xeral.

X19. Coñecer as implicacións pedagóxicas e educativas da música en distintos niveis.

X20. Coñecer a clasificación, características acústicas, históricas e antropolóxicas dos instrumentos musicais.

X21. Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos tras desenvolver a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.

X22. Dispoñer de recursos musicais amplos e diversos para poder crear ou adaptar pezas musicais, así como improvisar en distintos contextos a partir do coñecemento de estilos, formatos, técnicas, tendencias e linguaxes diversos.

X23. Valorar a creación musical como a acción de dar forma sonora a un pensamento estrutural rico e complexo.

X24. Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.



X25. Coñecer e ser capaz de utilizar metodoloxías de estudo e investigación que o capaciten para o continuo desenvolvemento e innovación da súa actividade musical ao longo da súa carreira.

X26. Ser capaz de vincular a propia actividade musical a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas musicais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

X27. Coñecer e aplicar a lexislación relativa ao seu ámbito profesional.

### **Competencias específicas do/a titulado/a superior de Música na especialidade de Composición**

EC1. Coñecer os principais repertorios da tradición occidental e doutras músicas, e adquirir a capacidade de valorar plenamente os aspectos expresivos, sintácticos e sonoros das obras correspondentes.

EC2. Adquirir a formación necesaria para recoñecer e valorar auditiva e intelectualmente distintos tipos de estruturas musicais e sonoras.

EC3. Interpretar analiticamente a construción das obras musicais en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que as conforman.

EC4. Saber aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito da creación musical nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.

EC5. Dominar as técnicas e recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.

EC6. Coñecer os fundamentos de acústica musical, as características acústicas dos instrumentos, as súas posibilidades técnicas, sonoras e expresivas, así como as súas posibles combinacións.

EC7. Desenvolver o interese, capacidades e metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación musical.

EC8. Coñecer as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación musical.

EC9. Valorar e coñecer de forma crítica as tendencias principais no campo da interpretación nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.



EC10. Transmitir verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado, máis alá da súa aplicación ao ámbito estritamente compositivo.

EC11. Adquirir unha personalidade artística singular e flexible que permita adaptarse a contornos e retos creativos múltiples.

### **Competencias específicas do/a titulado/a superior de Música na especialidade de Interpretación**

EI1. Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.

EI2. Construír unha idea interpretativa coherente e propia.

EI3. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en todo tipo de proxectos musicais participativos, desde o dúo ata os grandes conxuntos.

EI4. Expresarse musicalmente co seu instrumento/voz de xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas.

EI5. Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.

EI6. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.

EI7. Desenvolver aptitudes para a lectura e improvisación sobre o material musical.

EI8. Asumir adecuadamente as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto musical colectivo.

EI9. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo orquestral e doutros conxuntos dominando adecuadamente a lectura a primeira vista, mostrando flexibilidade ante as indicacións do/a director/a e capacidade de integración no grupo.

EI10. Coñecer as implicacións escénicas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.



**Competencias específicas do/a titulado/a superior de Música  
na especialidade de Musicoloxía**

EM1. Coñecer a estrutura musical das obras dos distintos repertorios da tradición occidental e doutras, con capacidade de valorar plenamente os seus aspectos sintácticos e sonoros.

EM2. Coñecer as condicións artísticas, históricas e sociais en que se desenvolveu a creación musical e a práctica interpretativa.

EM3. Coñecer os materiais da música, as técnicas históricas e modernas de composición, dos instrumentos, a súa construción, a súa acústica, así como outras características organolóxicas.

EM4. Dominar un ou máis instrumentos adecuados ao seu campo principal de actividade.

EM5. Coñecer as fontes musicais e as ferramentas de acceso a estas, así como as técnicas necesarias para a súa difusión.

EM6. Coñecer os métodos de investigación científica propios do seu campo e as súas aplicacións.

EM7. Adquirir a capacidade crítica para valorar os produtos da actividade musical de distintos períodos baixo unha perspectiva que integre aspectos artísticos, históricos e sociais.

EM8. Argumentar e expresar de forma escrita e verbal os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.

**Competencias específicas do/a titulado/a superior de Música  
na especialidade de Pedagogía**

EP1. Comprender e explicar os fundamentos en pedagogía musical contemporánea, tanto na área de coñecementos sistemáticos como na súa aplicación, e saber fundamentar neles a reflexión crítica da actuación educativa musical propia e allea.

EP2. Elaborar, seleccionar, aplicar e avaliar actividades, materiais e recursos de ensino/aprendizaxe musicais en función das demandas de cada contexto educativo, sendo



versátil no dominio dos instrumentos e outros recursos musicais e aplicando de forma funcional as novas tecnoloxías.

EP3. Coñecer os elementos constitutivos da música mostrando un alto dominio en percepción auditiva, lectura, análise, escritura, improvisación e creación musical, e ser capaz de interrelacionar todo iso para aplicalo e utilizalo adecuadamente no desenvolvemento da propia actividade.

EP4. Adquirir dominio técnico e capacidade expresiva na interpretación e na condución de agrupacións vocais e instrumentais, como base para a improvisación, creación e experimentación co propio instrumento, a voz e o corpo en situacións concretas de ensino/aprendizaxe musical.

EP5. Ser capaz de desenvolver unha práctica educativo-musical, como artista e formador/a musical orientada á comunidade.

EP6. Contextualizar a pedagogía musical no tempo actual e nos diferentes ámbitos culturais, reflexionando de forma crítica sobre a función e resultados que a práctica da educación musical pode achegar á mellora da persoa e da sociedade.

EP7. Saber aproveitar as oportunidades de formación e especialización que cada posto de traballo ofrece, incorporándoas ao desenvolvemento do propio perfil profesional.

EP8. Implicarse activamente en proxectos educativo-musicais a través do traballo cooperativo e asumir a responsabilidade de desenvolver a profesión educativa musical como tarefa colectiva.

EP9. Diseñar e levar a cabo procesos sistemáticos de avaliación educativa sobre alumnos/as, profesores/as, programas e institucións e basear nos seus resultados a planificación da mellora educativa.

EP10. Diseñar, realizar e avaliar unha investigación en educación musical, tanto de forma individual como formando parte activa de equipos de investigación.

EP11. Coñecer os fundamentos de acústica musical, organoloxía e as súas aplicacións na práctica musical.





**Perfís profesionais dos títulos superiores de Música**  
**Perfil profesional do/a titulado/a superior de Música**  
**na especialidade de Composición**

O/a titulado/a superior en Composición debe ser un/unha profesional cualificado/a para a creación musical, cun completo dominio das estruturas musicais en todos os seus aspectos, teóricos e prácticos; deberá estar capacitado/a para escribir e adaptar música para distintos contextos e formacións, cunha personalidade artística ben definida pero susceptible de evolución. Deberá ter un coñecemento amplo das posibilidades que brinda a tecnoloxía e ser capaz de adecuarse ás exixencias ou requisitos propios de distintos medios, incluíndo os proxectos escénicos e audiovisuais.

Así mesmo, deberá estar formado/a para o exercicio da análise musical e do pensamento crítico sobre o feito creativo, así como mostrar capacidade para transmitirlo de forma oral ou escrita e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación e experimentación musical.

**Perfil profesional do/a titulado/a superior de Música**  
**na especialidade de Interpretación**

O/a titulado/a superior en Interpretación deberá ser un/unha profesional cualificado/a cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio e, de ser o caso, de instrumentos complementarios.

Deberá estar preparado/a para exercer un labor interpretativo de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista como formando parte dun conxunto, así como, de ser o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, e afondar no seu desenvolvemento histórico.

Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión.

**Perfil profesional do/a titulado/a superior de Música**  
**na especialidade de Musicoloxía**

O/a titulado/a superior en Musicoloxía debe ser un/unha profesional cualificado/a para entender, desde unha perspectiva global e comprensiva, o feito musical en todos os seus



aspectos, teóricos, técnicos, prácticos e materiais nas súas diferentes épocas e tradicións culturais.

Deberá ter un coñecemento amplo das fontes da literatura crítica en todos os campos e disciplinas en que se articula a musicoloxía.

Deberá coñecer unha ampla variedade de sistemas de notación, históricos e modernos, así como de transcripción e tratamento de documentos sonoros. Deberá coñecer a práctica da edición de fontes musicais e das ferramentas tecnolóxicas implicadas nestes procesos. Deberá coñecer e aplicar os métodos de investigación científica propios do seu campo disciplinar, e dominar as técnicas expositivas e discursivas que lle permitan comunicar o contido dos seus proxectos e o resultado das súas investigacións tanto a públicos especializados como non especializados.

### **Perfil profesional do/a titulado/a superior de Música na especialidade de Pedagogía**

O/a titulado/a superior en Pedagogía deberá ser un/unha profesional cualificado/a nun ou máis ámbitos relevantes da práctica musical (interpretativos e/ou teóricos) e con profundos coñecementos, teóricos e prácticos sobre o ensino-aprendizaxe nos seus aspectos metodolóxicos, psicolóxicos e artísticos, ademais de contar cunha significativa experiencia práctica. Desenvolverá a súa actividade profesional en centros de calquera nivel educativo de réxime xeral e especial tanto en ensinanza regrada coma non regrada.

### **Criterios de avaliación dos títulos superiores de Música Criterios de avaliación comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores**

1. Afacerse a condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional, e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.

2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.

3. Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersoal.

4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.



5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

6. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

7. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.

8. Comprender e usar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.

9. Esforzarse no traballo autónomo.

10. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.

11. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.

12. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

13. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

14. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

15. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

16. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

17. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.

18. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

### **Criterios de avaliación xerais do/a titulado/a superior de Música**

1. Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas máis recentes.



2. Aplicar a capacidade de recoñecemento auditivo do material musical á práctica profesional.
3. Colaborar musicalmente en diferentes tipos de proxectos musicais participativos.
4. Coñecer a clasificación, características acústicas, históricas e antropolóxicas dos instrumentos musicais.
5. Coñecer as características propias do seu instrumento principal, en relación coa súa construción e acústica, evolución histórica e influencias mutuas con outras disciplinas.
6. Coñecer as implicacións pedagóxicas e educativas da música en distintos niveis.
7. Coñecer e aplicar a lexislación relativa ao seu ámbito profesional.
8. Coñecer e usar metodoloxías de estudo e investigación que o capaciten para o continuo desenvolvemento e innovación da súa actividade musical ao longo da súa carreira.
9. Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica musical, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención á súa dimensión global.
10. Coñecer o desenvolvemento histórico da música nas súas diferentes tradicións, desde unha perspectiva crítica que sitúe o desenvolvemento da arte musical nun contexto social e cultural.
11. Coñecer os diferentes estilos e prácticas musicais de cara a entender, nun contexto cultural máis amplo, o propio campo de actividade e enriquecelo.
12. Coñecer os fundamentos e a estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.
13. Coñecer os recursos tecnolóxicos propios do seu campo de actividade e as súas aplicacións na música.
14. Coñecer suficientemente o feito musical e a súa relación coa evolución dos valores estéticos, artísticos e culturais.
15. Crear e deseñar os propios conceptos artísticos.



16. Experimentar coa improvisación, a creación e a recreación musical.
17. Expoñer de forma escrita e verbal o contido e os obxectivos da súa actividade profesional a persoas especializadas, cun uso adecuado do vocabulario técnico e xeral.
18. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos.
19. Expresarse a través dos propios conceptos artísticos a partir de técnicas e recursos asimilados.
20. Identificar e analizar un repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións.
21. Identificar e describir os principios teóricos da música.
22. Identificar os trazos estilísticos que caracterizan o repertorio centrado na súa especialidade e describilos de forma clara e completa.
23. Identificar, describir e analizar un conxunto suficiente das obras máis representativas da literatura histórica e analítica da música.
24. Improvisar en distintos contextos a partir do coñecemento de estilos, formatos, técnicas, tendencias e linguaxes diversos.
25. Ler, interpretar e producir correctamente a notación gráfica de textos musicais.
26. Manexar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva.
27. Manexar recursos musicais amplos e diversos para poder crear ou adaptar pezas musicais.
28. Recoñecer e comprender o material musical facilitando a súa memorización.
29. Recoñecer materiais musicais grazas ao desenvolvemento da capacidade auditiva.
30. Relacionar a propia actividade musical con outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, coas artes en xeral e co resto de disciplinas musicais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.



31. Utilizar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado ao seu campo principal de actividade.

32. Valorar a autoformación como un recurso de mellora ao longo da súa vida profesional.

33. Valorar a creación musical como a acción de dar forma sonora a un pensamento estrutural rico e complexo.

### **Criterios de avaliación específicos do/a titulado/a superior de Música na especialidade de Composición**

1. Amosar unha actitude positiva para a adaptación a contornos e retos creativos múltiples.

2. Aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito da creación musical nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.

3. Comprender e usar metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación musical.

4. Coñecer as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación musical.

5. Coñecer desde un punto de vista crítico as tendencias principais no campo da interpretación nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.

6. Coñecer os aspectos expresivos, sintácticos e sonoros de obras de repertorios da tradición occidental e doutras músicas.

7. Coñecer os fundamentos de acústica musical, as características acústicas dos instrumentos, as súas posibilidades técnicas, sonoras e expresivas, así como as súas posibles combinacións.

8. Describir e explicar verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado, respecto das obras musicais.

9. Dispoñer dunha personalidade artística singular e flexible.

10. Identificar, analizar e describir os principais repertorios da tradición occidental e doutras músicas.



11. Interesarse pola investigación e a experimentación musical.
12. Interpretar analiticamente a construción das obras musicais en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que as conforman.
13. Recoñecer e comprender auditiva e intelectualmente distintos tipos de estruturas musicais e sonoras.
14. Utilizar e comprender as técnicas e recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.

**Criterios de avaliación específicos do/a titulado/a superior  
de Música na especialidade de Interpretación**

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto musical colectivo.
2. Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.
3. Coñecer as implicacións escénicas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.
4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo orquestral e doutros conxuntos dominando adecuadamente a lectura a primeira vista, mostrando flexibilidade ante as indicacións do/a director/a e capacidade de integración no grupo.
5. Construír unha idea interpretativa coherente e propia.
6. Debater e explicar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.
7. Dominar a lectura e improvisación sobre o material musical.
8. Interactuar musicalmente de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos musicais participativos, desde o dúo ata os grandes conxuntos.
9. Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.



10. Manexar o instrumento/voz de xeito que se poida expresar musicalmente, partindo do coñecemento e dominio da técnica instrumental e corporal, así como das características acústicas, organolóxicas e das variantes estilísticas.

**Criterios de avaliación específicos do/a titulado/a superior  
de Música na especialidade de Musicoloxía**

1. Argumentar e expresar de forma escrita e verbal os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.

2. Coñecer a estrutura musical das obras dos distintos repertorios da tradición occidental e doutras, con capacidade de valorar plenamente os seus aspectos sintácticos e sonoros.

3. Coñecer as fontes musicais e as ferramentas de acceso a estas.

4. Coñecer e utilizar as técnicas necesarias para a difusión das fontes musicais.

5. Coñecer o instrumentario, a súa construción, a súa acústica, así como outras características organolóxicas.

6. Coñecer os materiais da música e as técnicas históricas e modernas de composición.

7. Coñecer os métodos de investigación científica propios do seu campo e as súas aplicacións.

8. Dominar un ou máis instrumentos adecuados ao seu campo principal de actividade.

9. Identificar, relacionar e explicar as condicións artísticas, históricas e sociais en que se desenvolveu a creación musical e a práctica interpretativa.

10. Relacionar as obras musicais co seu contexto artístico, histórico e social.

11. Valorar criticamente os produtos da actividade musical de distintos períodos.

**Criterios de avaliación específicos do/a titulado/a superior  
de Música na especialidade de Pedagogía**

1. Amosar unha actitude colaborativa na práctica da educación musical.

2. Amosar unha actitude responsable cara á comunidade social, como artista e formador/a musical.





3. Coñecer os elementos constitutivos da música.
4. Coñecer os fundamentos de acústica musical, organoloxía e as súas aplicacións na práctica musical.
5. Coñecer os fundamentos en pedagogía musical contemporánea, tanto na área de coñecementos sistemáticos como na súa aplicación.
6. Cooperar activamente en proxectos educativo-musicais.
7. Deseñar e levar a cabo procesos sistemáticos de avaliación educativa sobre alumnos/as, profesores/as, programas e institucións e basear nos seus resultados a planificación da mellora educativa.
8. Deseñar, realizar e avaliar unha investigación en educación musical, tanto de forma individual como formando parte activa de equipos de investigación.
9. Dirixir e liderar agrupacións vocais e instrumentais.
10. Dominar a improvisación, creación e experimentación no instrumento, voz e corpo.
11. Elaborar e formular unha reflexión crítica da actuación educativa musical propia e allea.
12. Elaborar, seleccionar, aplicar e avaliar actividades, materiais e recursos de ensino-aprendizaxe musicais en función das demandas de cada contexto educativo.
13. Interpretar no propio instrumento un repertorio significativo.
14. Relacionar a pedagogía musical co seu contexto histórico e cultural reflexionando de forma crítica sobre a función e resultados que a práctica da educación musical pode achegar á mellora da persoa e da sociedade.
15. Usar os instrumentos e outros recursos musicais.
16. Utilizar a percepción auditiva, lectura, análise, escritura, improvisación e creación musical, para o desenvolvemento da propia actividade.
17. Utilizar de forma funcional as novas tecnoloxías na música.
18. Valorar as oportunidades de formación e especialización que cada posto de traballo ofrece, incorporándoas ao desenvolvemento do propio perfil profesional.



**ANEXO III**  
**Descritores de disciplinas e competencias**

Disciplina Acústica aplicada á composición		Especialidade/Itinerario Composición
Descritor Fundamentos de acústica aplicada á música e emprego de ferramentas propias do audio dixital para a comprensión do fenómeno acústico. Deseño de materiais acústicos para a composición por ordenador. Comprensión dos medios de reprodución electrónica do son e estudo de mesturas (acústica e electrónica).		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T4, T16	
Xerais	X5, X8, X9, X20, X22, X24	
Específicas	EC4, EC5, EC6, EC7, EC8	

Disciplina Acústica xeral		Especialidade/Itinerario Composición Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Fundamentos de acústica aplicada á música e emprego de ferramentas propias do audio dixital (de xeración, manipulación e procesamento do son) de cara a unha mellor comprensión dos conceptos acústicos e do funcionamento dos instrumentos musicais.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T4, T16	
Xerais	X5, X8, X9, X20, X22, X24	
Específicas Composición	EC4, EC6, EC7, EC8	
Específicas Interpretación	EI4	
Específicas Musicoloxía	EM3	
Específicas Pedagogía	EP11	

Disciplina Adestramento auditivo de jazz (I-II)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
Descritor Desenvolvemento das habilidades e adquisición de coñecementos que lle faciliten ao alumnado a percepción, a creación, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Asimilación das principais teorías sobre a organización da música. Coñecemento das posibilidades sonoras da voz e doutros instrumentos ou fontes sonoras. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da concentración na escoita, da memoria e da intelixencia musical.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T6, T13, T15	
Xerais	X1, X2, X3, X4, X13, X24	
Específicas	EI5, EI17	



Disciplina Alemán/Francés/Inglés/Italiano aplicado (I-II)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Estudo da lingua alemá/francesa/inglesa/italiana nos seus aspectos prosódico, fonolóxico e fonético. Adquisición dos coñecementos gramaticais básicos que permitan a comprensión do idioma. Autonomía no estudo das obras en lingua estranxeira e conciencia sobre a importancia, riqueza e valor do coñecemento dunha lingua estranxeira utilizada na música clásica e romántica.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T4, T6, T13	
Xerais	X8, X11, X24, X25	
Específicas	EI1, EI2, EI5, EI6	

Disciplina Análise (I-IV)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón; Canto; Corda fretada; Guitarra; ITP; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Estudo da obra musical a partir dos seus materiais construtivos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Coñecemento dos diferentes métodos analíticos e a súa interrelación con outras disciplinas. Fundamentos estéticos e estilísticos dos principais compositores/as, escolas e tendencias da creación musical.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T4, T7, T8, T10	
Xerais	X1, X3, X10, X11, X12, X13, X15, X17	
Específicas Interpretación	EI1, EI5	
Específicas Pedagogía	EP3	

Disciplina Análise aplicada á composición (I-IV)		Especialidade/Itinerario Composición
Descritor Estudo da obra musical a partir dos seus materiais construtivos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Coñecemento dos diferentes métodos analíticos e a súa interrelación con outras disciplinas. Estudo do repertorio musical e do seu contexto: principais compositores/as, escolas e tendencias da creación musical.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T14	
Xerais	X1, X10, X11, X12, X13, X15, X25	
Específicas	EC1, EC2, EC3, EC7, EC10	

Disciplina Análise aplicada á musicoloxía (I-IV)		Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Etnomusicoloxía; Histórica
Descritor Estudo da obra musical a partir dos seus materiais construtivos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Coñecemento e descrición dos diferentes métodos analíticos, e desenvolvemento da súa aplicación á investigación histórica. Estudo do repertorio musical e do seu contexto: principais compositores/as, escolas e tendencias da creación musical		



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T14
Xerais	X1, X10, X11, X12, X13, X15, X25
Específicas	EM2, EM6, EM10, EM11

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Análise da música contemporánea (I-IV)	Composición
Descritor Estudo e análise da obra musical desde os inicios do século XX ata a actualidade, a partir dos seus materiais construtivos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Afondamento nos diferentes métodos analíticos e a súa interrelación con outras disciplinas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8
Xerais	X4, X10, X11, X12, X13, X15, X23
Específicas	EC1, EC2, EC3, EC7, EC8, EC10

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Análise das músicas de tradición oral (I-II)	Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Etnomusicoloxía
Descritor Estudo e práctica das ferramentas máis usuais para a aproximación analítica á música de tradición oral, facilitando o afondamento no coñecemento da obra musical.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8
Xerais	X3, X5, X10, X13, X14, X18, X25
Específicas Interpretación	EI4
Específicas Musicoloxía	EM1, EM3

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Análise de jazz (I-IV)	Interpretación/Jazz
Descritor Adquisición de coñecementos que faciliten a interpretación na improvisación jazzística, a través do estudo do repertorio no seu contexto estilístico. Desenvolvemento de habilidades que faciliten a percepción dos/as grandes improvisadores/as, a creación nas improvisacións ao longo da evolución do jazz, a reflexión sobre as improvisacións propias e a documentación analítica do jazz. Desenvolvemento do oído a través do coñecemento analítico, a escoita selectiva e a memoria en consonancia coa intelixencia musical.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T8, T13
Xerais	X1, X2, X3, X17, X18
Específicas	EI2, EI5, EI6, EI7



Disciplina Antropoloxía cultural de Galicia	Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Etnomusicoloxía
Descritor Adquisición de coñecementos sobre as distintas dimensións da cultura galega, con especial atención ás claves comportamentais e simbólicas, así como a creación dunha conciencia de Galicia como unha realidade cultural, socioeconómica, con identidade de seu. Análise da realidade galega contemporánea desde os procedementos da antropoloxía cultural.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8, T14, T16, T17
Xerais	X12, X16, X25, X26
Específicas Interpretación	EI8
Específicas Musicoloxía	EM6

Disciplina Antropoloxía cultural xeral	Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Etnomusicoloxía
Descritor Comprensión do concepto de cultura e as súas implicacións. Presentación dos principais paradigmas da análise antropolóxica e dos campos de traballo básicos da antropoloxía. Adquisición das capacidades necesarias para entender as outras culturas e a propia, así como o interese polo fomento do diálogo intercultural e o respecto ás diferenzas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8, T14, T16, T17
Xerais	X12, X16, X25, X26
Específicas Interpretación	EI2
Específicas Musicoloxía	EM2, EM6

Disciplina Arquivística e biblioteconomía (I-IV)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Estudo dos principios, procedementos e problemas vinculados ao almacenamento de documentos. Funcións da arquivística. A teoría das tres idades. Biblioloxía. Normativa da clasificación documental.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
Específicas	EM2, EM7

Disciplina Canto (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Coñecemento das posibilidades técnicas do aparello fonador e utilización correcta deste nas interpretacións. Desenvolvemento das capacidades artística, musical e técnica e dun estilo propio baseado no coñecemento dos criterios interpretativos que permitan abordar un repertorio representativo e axeitado segundo as súas calidades vocais.	



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T13, T15
Xerais	X1, X3, X4, X6, X9, X10, X17, X21, X24
Específicas	EI1, EI4, EI6, EI7, EI10

Disciplina Canto ou instrumento principal (I-VI)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T15
Xerais	X1, X3, X6, X11, X21, X24
Específicas	EP4

Disciplina Codicoloxía, paleografía e diplomática	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Coñecemento da problemática do tratamento e descrición dos códices. Principais soportes codicolóxicos. Coñecemento e descrición das familias paleográficas occidentais. Abreviaturas, <i>cursus</i> , <i>custos</i> e outros signos. Semiótica e semioloxía. Prácticas de lectura e transcrición.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
Específicas	EM2, EM7

Disciplina Composición e arranxos (I-IV)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
Descritor Principios e requisitos teórico-prácticos relativos á escritura musical de creacións propias do alumnado, sobre os diferentes patróns estético-estilísticos do jazz. Desde os principios formais e estruturais dos referentes clásicos do itinerario da especialidade e da evolución histórica de seu ata a creación contemporánea e de libre elección, desenvolvendo unha metodoloxía evolutiva partindo da creación do guiñón base ata a orquestración clásica e contemporánea de jazz. Dotar o alumnado dunha autocrítica construtiva en todas as tarefas relativas á creación en xeral, en traballos individuais de cara ao pensamento colectivo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12
Xerais	X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22
Específicas	EI2, EI7



Disciplina Composición e instrumentación aplicada (I-II)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Fundamentos básicos da composición musical. Creación, adaptación e arranxos de materiais para agrupacións propias da aula de música e dos diversos materiais musicais didácticos precisos no ensino da música nos diferentes contextos educativos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T4, T16, T17
Xerais	X1, X2, X3, X4, X10, X13, X20, X21, X22, X23
Específicas	EP2, EP3, EP4, EP5, EP11

Disciplina Composición (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Composición
Descritor Afondamento no estudo e na práctica das técnicas, procedementos construtivos, movementos, escolas e tendencias máis representativas da composición tradicional e contemporánea (acústica e electrónica), a través da análise e da realización de traballos que empreguen formacións vocais, instrumentais e de son de natureza electrónica. Desenvolvemento dunha estética e dunha linguaxe persoal na composición de obras libres.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T12, T13
Xerais	X5, X7, X10, X21, X24
Específicas	EC4, EC5, EC7, EC8, EC10, EC11

Disciplina Composición para a imaxe (I-II)	Especialidade/Itinerario Composición
Descritor Estudo das diferentes técnicas de composición e instrumentación aplicadas á imaxe. Dominio teórico-práctico das ferramentas tecnolóxicas precisas para o desenvolvemento de proxectos en diferentes medios, escénico e audiovisual, demostrando capacidade de adaptación. Estudo histórico e analítico da música para cine e dos diferentes xéneros. A industria cinematográfica e a escena alternativa, o rol da música. Planificación, organización e desenvolvemento dun proxecto audiovisual. Estudo da lexislación comparada vixente no fenómeno audiovisual.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T9, T15
Xerais	X2, X5, X7, X17, X21, X24, X27
Específicas	EC4, EC7, EC8, EC11

Disciplina Concertación (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Estudo e interpretación do repertorio concertante de ópera, zarzuela e oratorio. Capacidades relacionadas coa comprensión e resposta ás indicacións do/a director/a, a integración no conxunto vocal e a súa relación co instrumento ou os/as acompañantes.	



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T13
Xerais	X1, X2, X7, X8, X10, X11, X17, X24
Específicas	EI1, EI3, EI4, EI8, EI10

Disciplina Conxunto (I-II)	Especialidade/Itinerario Composición
Descritor Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de conxunto do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas. Desenvolvemento de ámbitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica da lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7
Xerais	X2, X3, X7
Específicas	EC5, EC6, EC11

Disciplina Conxunto (I-II)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón
Descritor Desenvolvemento da capacidade de controlar tanto a propia función como o resultado do conxunto en agrupacións con e sen director/a. Práctica do repertorio de conxunto para dous ou máis acordeóns e, de ser o caso, participación doutras especialidades instrumentais.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T9
Xerais	X2, X7, X8, X11, X12, X15
Específicas	EI1, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10

Disciplina Conxunto (I-II)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Guitarra
Descritor Coñecemento e práctica do repertorio para conxunto de guitarras en formacións desde o dúo ata a orquestra de guitarras.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T7, T9
Xerais	X2, X3, X7, X11, X17
Específicas	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10

Disciplina Conxunto (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
Descritor Práctica da interpretación en grupo en distintas formacións para o desenvolvemento das seguintes capacidades: cumprimento da función propia no grupo; coñecemento do repertorio e dos estilos relevantes; aplicación práctica dos elementos básicos da linguaxe do jazz no arranxo, na improvisación e no acompañamento; compenetración no traballo colectivo e desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio; flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a-líder; desenvolvemento de ideas, criterios interpretativos e proxectos musicais colectivos e da creatividade individual e colectiva; fomento da capacidade de lectura a primeira vista; control e avaliación crítica do traballo propio.	





Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T7, T10, T13
Xerais	X2, X7, X8, X10, X11, X13, X21, X22
Específicas	EI1, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10

Disciplina Conxunto (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
Descritor Establecemento de hábitos, técnicas de ensaio e criterios interpretativos. Desenvolvemento da compenetración do/a intérprete dentro dun traballo colectivo, desempeñando funcións de solista e/ou integrante da agrupación. Desenvolvemento das capacidades de liderado en diferentes tipos de agrupacións. Práctica de lectura a primeira vista; coñecemento do repertorio de conxunto da especialidade.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T8, T13
Xerais	X1, X2, X3, X6, X8, X11, X22, X23
Específicas	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10

Disciplina Conxunto (I-II)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Piano
Descritor Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio na interpretación a dúo no piano. Afondamento na interpretación de conxunto desenvolvendo a capacidade de integración e comprendendo a función propia. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7
Xerais	X1, X3, X4, X7, X21, X24
Específicas	EI1, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10

Disciplina Conxunto (I-II)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor Práctica interpretativa en distintos tipos de agrupación vocal e/ou instrumental, afondando nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do/a director/a e a interpretación en conxunto, empregando un corpus musical relacionado cos diferentes repertorios e estilos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T7, T9, T10
Xerais	X2, X3, X6, X7, X8, X11, X22, X26
Específicas	EM1, EM2, EM4, EM5

Disciplina Conxunto (I-II)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Interpretación musical en grupo con diferentes formacións, repertorios e instrumentos, incluído o instrumento principal. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Posta en común de criterios interpretativos. Fundamentos de dirección en pequenas agrupacións. Desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T7, T9, T10
Xerais	X2, X3, X4, X6, X7, X8, X13, X17, X21, X22
Específicas	EP2, EP3, EP4, EP5, EP8, EP11

Disciplina Conxunto/Música de cámara (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Percusión
Descritor Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de cámara do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas, incluídas as compostas exclusivamente por percusionistas. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica de lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T10, T13
Xerais	X2, X7, X8, X10, X21
Específicas	EI2, EI3, EI6, EI8, EI9, EI10

Disciplina Coreografía e danza (I-II)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor A expresión corporal. Desenvolvemento das capacidades motrices a través da sensibilización e da conciencia corporal. Formas básicas do movemento. Comunicación e aprendizaxe. Improvisación. A danza: historia e repertorio (tradicional, histórico, educativo, doutras culturas). A danza como recurso metodolóxico para a educación musical. Creación de danzas e coreografías na aula.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T9, T10, T16
Xerais	X1, X2, X3, X4, X7, X10, X13, X17, X21, X22
Específicas	EP2, EP4, EP5, EP8

Disciplina Coro (I-VI)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón; Canto; Guitarra; Piano Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Interpretación do repertorio coral habitual <i>a capella</i> e con orquestra. Desenvolvemento da educación vocal. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do/a director/a e a integración no conxunto.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T7, T9, T10, T13
Xerais	X2, X3, X4, X7, X8
Específicas Interpretación	EI3, EI4, EI7, EI8, EI9, EI10
Específicas Pedagogía	EP3, EP4, EP5, EP8



Disciplina Correpetición (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación cun segundo instrumento. Afondamento en repertorios especializados. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6
Xerais	X3, X7, X13, X21, X25
Específicas	EI1, EI2, EI3, EI4, EI10

Disciplina Crítica musical (I-II)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Coñecemento e práctica dos elementos básicos da noticia como fonte de información (titular, entrada, corpo, epígrafe, etc.). Técnicas para a narrativa do corpo arredor das seis preguntas. Redacción de pezas en estilo xornalístico, utilizando as ferramentas propias da crítica textual e aplicadas ás diversas manifestacións musicais (concertos, programacións, acústica arquitectural, etc.).	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T4, T5, T8, T11, T14, T17
Xerais	X5, X10, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X21, X23, X25, X26
Específicas	EM5, EM6, EM7, EM8

Disciplina Danza e baile tradicional de Galicia	Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Etnomusicoloxía
Descritor Estudo das danzas e bailes tradicionais máis representativos da Comunidade Autónoma galega como manifestacións e expresións culturais dun pobo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T4, T8
Xerais	X5, X12, X14, X18
Específicas Interpretación	EI1, EI3, EI4, EI10
Específicas Musicoloxía	EM2, EM6

Disciplina Danza e baile tradicional xeral	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Etnomusicoloxía
Descritor Estudo das danzas e bailes tradicionais máis representativos da Península Ibérica como manifestacións e expresións culturais dun pobo.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T4, T8
Xerais	X5, X12, X14, X18
Específicas	EM2, EM3, EM5, EM6



Disciplina Didáctica aplicada (I-III)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto
Descritor Principios psicopedagóxicos da aprendizaxe da música. Metodoloxía e planificación didáctica para as clases de instrumento. Desenvolvemento e avaliación do proceso educativo. Análise dos diversos currículos de educación musical. Deseño de procedementos e estratexias de ensino-aprendizaxe.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T4, T8, T12, T15
Xerais	X1, X2, X3, X4, X5, X10, X13, X18, X19, X22, X27
Específicas	EP1, EP2, EP3, EP5

Disciplina Didáctica da música e da linguaxe musical (I-III)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/xeral e da linguaxe musical
Descritor Principios psicopedagóxicos da aprendizaxe da música. Desenvolvemento das capacidades musicais. Metodoloxía e planificación didáctica. Desenvolvemento e avaliación do proceso educativo. Análise dos diversos currículos de educación musical. Deseño de procedementos e estratexias de ensino-aprendizaxe.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T4, T8, T12, T15
Xerais	X1, X2, X3, X4, X5, X10, X13, X18, X19, X22, X27
Específicas	EP1, EP2, EP3, EP5

Disciplina Didáctica xeral	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Pedagogía e didáctica. Correntes didácticas. O currículo. Concepto, deseño e modelos. Niveis de concreción. Características, fontes, elementos: PEC, PCC. Deseño da programación e das unidades didácticas. Principios metodolóxicos. Aprendizaxe significativa. O/a profesor/a mediador/a. A avaliación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T15, T17
Xerais	X18, X19, X27
Específicas	EP1, EP2, EP5, EP9

Disciplina Dirección de <i>big band</i>	Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
Descritor Coñecemento teórico e práctico da práctica interpretativa e da súa organización a través do estudo das técnicas de dirección e da análise musical orientada á execución. Desenvolvemento de proxectos de interpretación de composicións con linguaxes e estilos diferentes, así como en formacións de pequeno e gran formato. Liderado interpretativo: organización dos ensaios e concertos. Habilidades para transmitir as propias concepcións interpretativas a outros/as músicos fomentando a participación activa e a coherencia. Coñecemento dun repertorio amplo e das súas implicacións interpretativas e expresivas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2
Xerais	X11, X17, X20
Específicas	EI2, EI6, EI8, EI10



Disciplina Dirección (I-II)	Especialidades/itinerario Composición Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Fundamentos da técnica de dirección coral e instrumental. Práctica dos xestos básicos de dirección. Coñecemento da práctica interpretativa a través do estudo das técnicas de dirección e da análise da música de conxunto cara á súa execución. Desenvolvemento de proxectos de interpretación de composicións diversas. Consecución de ferramentas de aplicación no desempeño do seu labor profesional.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T8, T9, T10
Xerais	X4, X7, X8, X10
Específicas Composición	EC3, EC6, EC9, EC10
Específicas Pedagogía	EP3, EP4, EP5, EP8

Disciplina Edición musical	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor A musicoloxía e a edición musical: o texto escrito como obxecto final do traballo científico. Estrutura formal do traballo científico: referencias bibliográficas, sistema de citación, aparato crítico, etc. Localización, revisión, descrición e transcripción das fontes para a edición musical. Diferentes tipos de edición e a súa evolución. Coñecemento das ferramentas informáticas necesarias para a edición de música e texto.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T4, T12, T13, T15
Xerais	X3, X5, X18, X24
Específicas	EM5, EM8

Disciplina Escena lírica (I-III)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Estudo e interpretación do repertorio escénico habitual. Compresión e desenvolvemento da acción e o conflito dramático. Coñecemento e aplicación práctica da relación texto-música e movemento.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T7, T13
Xerais	X3, X7, X8, X9, X11, X21, X24, X26
Específicas	EI1, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10

Disciplina Estilos interpretativos	Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
Descritor Análise de diferentes estilos de interpretación da música tradicional, tendo en conta as características propias de cada instrumento (morfoloxía e afinación), a súa orixe (condicionamento xeográfico) e as interpretacións actuais ou históricas (características individuais e de diferentes colectivos).	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T13, T15
Xerais	X2, X4, X9, X11, X17, X22
Específicas	EI1, EI2, EI4, EI5, EI10



Disciplina Evolución estilística da interpretación e do repertorio		Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón
Descritor Estudo dos trazos estilísticos e criterios interpretativos das diferentes épocas e autores/as, en relación co repertorio do instrumento principal. Análise da evolución do repertorio orixinal para acordeón: recursos, grafías, efectos tímbricos, etc. Paralelismo entre evolución técnica do instrumento e música interpretada. Audicións comentadas de gravacións existentes.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T7, T8, T14, T16	
Xerais	X3, X7, X8, X9, X11, X14, X16, X23, X26	
Específicas	E11, E14, E16	

Disciplina Evolución estilística da interpretación e do repertorio		Especialidade/Itinerario Interpretación/Guitarra
Descritor Coñecemento e práctica dos diversos elementos que forman os criterios interpretativos das diferentes épocas, estilos e autores/as, atendendo tanto a aspectos técnicos do instrumento como compositivos ou estéticos en relación co repertorio do instrumento. Análise da evolución do repertorio: recursos, grafías, efectos tímbricos, etc.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T4, T8, T14, T16	
Xerais	X3, X8, X9, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X25	
Específicas	E11, E14, E16	

Disciplina Evolución estilística da interpretación e do repertorio		Especialidade/Itinerario Interpretación/Piano
Descritor Aprendizaxe e práctica dos diversos elementos que forman os criterios interpretativos das diferentes épocas, estilos e autores/as, atendendo tanto a aspectos técnicos do instrumento como compositivos ou estéticos en relación co repertorio pianístico.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T4, T8, T12	
Xerais	X3, X10, X12, X14, X15, X17, X25	
Específicas	E11, E14, E16	

Disciplina Fontes para a historia da música		Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor: Concepto e tipoloxías de fontes. Descrición e manexo dos testemuños. Coñecemento e aplicación das diferentes fontes da historia da música (organoloxía, iconografía, fonografía, impresos, manuscritos, etc.)		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17	
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26	
Específicas	EM2, EM7	



Disciplina Formación e adestramento auditivo e vocal (I-II)	Especialidade/Itinerario Composición Interpretación/Acordeón; Canto; Corda fretada; ITP; Guitarra; Jazz; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor Desenvolvemento dunha escoita consciente, na que a aplicación do coñecemento da linguaxe musical encamiñará o alumnado, en contextos sonoros diversos, a unha representación interna dos distintos elementos estruturais que interveñen nunha composición musical. Desenvolvemento das capacidades de expresión vocal.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T8, T13, T15
Xerais	X1, X2, X3, X4, X8, X10, X24
Específicas Composición	EC2
Específicas Interpretación	EI7
Específicas Musicoloxía	EM1

Disciplina Formación e adestramento auditivo e vocal aplicado á pedagogía (I-II)	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Desenvolvemento dunha escoita consciente, directamente vinculada aos coñecementos da linguaxe musical. Recoñecemento dos elementos formais, rítmicos, harmónicos, interválicos, etc. en contextos sonoros diversos. Práctica vocal e recoñecemento auditivo dos diferentes parámetros musicais en obras tonais, non tonais ou de tonalidade vaga. Consecución de ferramentas directamente vinculadas á súa aplicación no desempeño do seu futuro labor docente, nos diferentes contextos educativos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T8, T13, T15
Xerais	X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X19, X24
Específicas	EP3, EP5

Disciplina Formación laboral e normativa	Especialidade/Itinerario Composición Interpretación/Acordeón; Canto; Corda fretada; Guitarra; ITP; Jazz; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Coñecemento das normas e procedementos que rexen o ámbito profesional da música. Desenvolvemento da capacidade para a autopromoción e a inserción laboral, das habilidades para a adaptación profesional en contextos cambiantes e das actitudes para a formación continuada e o perfeccionamento ao longo da vida profesional.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T4, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T12, T15
Xerais	X19, X24, X27
Específicas Composición	EC11
Específicas Interpretación	EI10
Específicas Musicoloxía	EM7
Específicas Pedagogía	EP7





Disciplina Fundamentos de transcripción aplicada		Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
Descritor Desenvolvemento dunha formación específica orientada á transcripción e preparación do estudo da música vocal e instrumental a través de ferramentas informáticas e bibliográficas.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T4, T7, T14, T16	
Xerais	X1, X3, X4, X5, X11, X18, X23	
Específicas	E11	

Disciplina Gaita (I-VIII)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
Descritor Práctica instrumental principal encamiñada á formación como músico instrumentista. Coñecemento progresivo de todas as posibilidades do instrumento a nivel técnico, expresivo e de repertorios.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T6, T13, T15, T16, T17	
Xerais	X2, X3, X6, X8, X9, X11	
Específicas	E11, E12, E14, E15, E17, E110	

Disciplina Gaitas doutras tradicións locais e tipoloxías		Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
Descritor Coñecemento da morfoloxía, funcionamento, o son e a construción das gaitas; parentescos e diferenzas entre os diferentes tipos de gaitas existentes (punteiros cónicos e cilíndricos, número de bordón, afinacións, etc.). Recoñecemento visual e auditivo das diferentes gaitas e das súas especificidades interpretativas.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T8, T16	
Xerais	X1, X2, X3, X4, X9, X11, X17, X20, X22	
Específicas	E11, E12, E17	

Disciplina Harmonía de jazz (I-IV)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
Descritor Adquisición de habilidades e coñecementos que faciliten a percepción, creación, interpretación e reflexión musical no jazz; asimilación das teorías principais sobre a organización e funcionamento da música e da harmonía no jazz; estudo do repertorio e do contexto estilístico; desenvolvemento do oído, da memoria e da intelixencia musical.		





Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T8, T11, T13
Xerais	X1, X3, X8, X10, X13, X18, X22, X23, X24
Específicas	EI6, EI7

Disciplina Harmonía e contrapunto (I-IV)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón; Canto; Corda fretada; Guitarra; ITP; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical. Práctica escrita e instrumental dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios dos distintos períodos da historia da música.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4
Xerais	X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23
Específicas Interpretación	EI6, EI7
Específicas Pedagogía	EP1, EP3

Disciplina Harmonía e contrapunto aplicados á composición (I-IV)	Especialidade/Itinerario Composición
Descritor Desenvolvemento das habilidades harmónico-contrapuntísticas e adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, creación, interpretación, reflexión e documentación musicais. Asimilación das principais teorías da organización musical. Realización de traballos estilísticos e libres. Práctica instrumental. Estudo do repertorio no contexto estilístico.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4
Xerais	X8, X10, X11, X13, X15, X21, X23
Específicas	EC1, EC2, EC5, EC8, EC10

Disciplina Harmonía e contrapunto aplicados á musicoloxía (I-IV)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Planificación harmónico-contrapuntística de traballos propios dos distintos períodos da historia da música. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4
Xerais	X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23
Específicas	EM2, EM6, EM10, EM11



Disciplina Historia da interpretación musical (I-IV)		Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Coñecemento dos estilos interpretativos da música académica do século XX: expresivo ou romántico, formalista ou neo-obxectivo e historicista. Principais autores/as na configuración dos estilos: Wagner e Lizst; Stravinsky, escolas historicistas. A recepción de Bach entre 1750 e 2000. Estudo da fonografía como fonte para os diversos estilos interpretativos. Valoración e crítica da evolución do/a interprete ao/á executante. A crítica da interpretación: Taruskin, Cook, Kenyon, Day. Coñecemento e manexo da bibliografía sobre a praxe interpretativa no século XX.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17	
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26	
Específicas	EM2, EM6, EM7, EM8	

Disciplina Historia da música galega (I-II)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Histórica
Descritor Coñecementos fundamentais do feito musical en relación coa cultura galega, desde unha perspectiva histórica e sistemática. Análise e interpretación dos contextos sociais, artísticos e culturais nos que se produce o feito musical en Galicia. Aproveitamento e integración dos coñecementos na investigación e interpretación de cara a unha comprensión global do fenómeno da práctica musical do repertorio da música de Galicia.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T8, T16, T17	
Xerais	X10, X11, X12, X14, X16	
Específicas Interpretación	EI2, EI6	
Específicas Musicoloxía	EM2, EM6, EM7, EM8	

Disciplina Historia da música (I-III)		Especialidade/Itinerario Composición Interpretación/Acordeón; Canto; Corda fretada; Guitarra; ITP; Jazz; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal Musicoloxía/Etnomusicoloxía Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental, a partir da análise, audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical, e ao seu contexto cultural e social.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17	
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26	
Específicas Composición	EC10	
Específicas Interpretación	EI4	
Específicas Musicoloxía	EM2, EM7	
Específicas Pedagogía	EP3	



Disciplina Historia da música aplicada á musicoloxía (I-IV)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental, a partir da análise, a audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical, e ao seu contexto cultural e social. A concepción do relato histórico tradicional como unha historia do estilo musical.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
Específicas	EM2, EM7

Disciplina Historia da música iberoamericana (I-II)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música na Península Ibérica e Iberoamérica, a partir da análise, audición e comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical, e ao seu contexto cultural e social. Comprensión da concepción do relato histórico tradicional como unha historia do estilo musical. As tradicións musicais singulares destes espazos xeográficos e as súas derivacións.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
Xerais	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
Específicas	EM2, EM7

Disciplina Historia do canto	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Estudo teórico-práctico da historia da música vocal a través dos/as autores/as e intérpretes, así como da evolución da técnica vocal e das diferentes escolas interpretativas. Estudo dos trazos estilísticos e criterios interpretativos das diferentes épocas e autores/as en relación cos diferentes xéneros.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8, T14, T16
Xerais	X4, X9, X10, X11, X12, X17, X18, X26
Específicas	EI6, EI10

Disciplina Historia do jazz (I-II)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
Descritor Formación teórica e metodolóxica mediante o achegamento a diferentes perspectivas de reflexión histórica. Adquisición de coñecementos fundamentais do feito musical en relación coa cultura, desde unha perspectiva histórica e sistemática utilizando para iso a análise e interpretación dos contextos sociais en que se produce este feito e a investigación e interpretación de cara a unha comprensión global do fenómeno musical do jazz en América e Europa, con especial atención ao jazz en Galicia e no conxunto de España.	



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8, T11, T14, T15, T17
Xerais	X1, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X24, X25, X26
Específicas	EI1, EI6

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Historia dos instrumentos	Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia
Descritor Estudo e descrición dos instrumentos da música tradicional galega. Aproximación ao diverso material instrumental de Galicia representado nas tipoloxías de aerófonos, cordófonos, membranófonos e idiófonos do patrimonio artístico e cultural. Clasificación organolóxica dos instrumentos desde diversos criterios.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T8, T13
Xerais	X9, X12, X20, X21, X25
Específicas	EI2

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Historia dos instrumentos	Interpretación/Guitarra
Descritor Coñecemento da evolución da guitarra e do seu repertorio, así como dos/as intérpretes e pedagogos/as máis significativos/as que contribuíron á evolución da guitarra clásica e doutros instrumentos de corda pulsada afíns.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T4, T7, T13, T14, T15
Xerais	X8, X11, X12, X19, X24, X25
Específicas	EI2, EI4, EI6

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Historia dos instrumentos	Interpretación/Piano
Descritor Estudo da orixe e evolución dos instrumentos de tecla. Clasificación e características dos instrumentos de tecla segundo o medio de produción do son. Coñecemento da historia do pianoforte e os diferentes principios mecánicos. Síntese da evolución construtiva ata os pianos actuais.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T7, T8, T9, T15, T16, T17
Xerais	X9, X11, X14, X15, X20, X25
Específicas	EI2, EI4, EI6

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Historia dos instrumentos	Interpretación/Corda fretada; Percusión; Vento madeira; Vento metal
Descritor Estudo da evolución histórica do instrumento propio e os afíns a este. Coñecemento das características construtivas, funcionamento acústico e posibilidades técnicas e expresivas con relación ao repertorio.	



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13
Xerais	X9, X10, X12, X14, X15, X20, X25
Específicas	E12, E14, E16

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Historia dos instrumentos de lingüeta libre metálica	Interpretación/Acordeón
Descritor Relación de instrumentos que empregan a lingüeta libre metálica como principio sonoro e a súa evolución histórica. Clasificación segundo o tipo de manual empregado para facer vibrar a lingüeta: botón, tecla, aire aplicado directamente pola boca, pulsación directa sobre a lingüeta, etc. Instrumentos de lingüeta libre metálica unisonoros e bisonoros.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T14, T16
Xerais	X6, X7, X9, X14, X18, X20
Específicas	E14, E16, E18

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Iconografía musical	Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor Coñecemento histórico e valoración crítica da arte e das súas formas vinculadas ás imaxes musicais, desde a Antigüidade ata o século XXI. Programas iconográficos musicais en documentos escritos, arquitectura, pintura, escultura, etc. Instrumentos musicais e símbolos na cultura europea. Busca, definición, localización, clasificación e tratamento de fontes iconográficas na música.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8, T14, T16, T17
Xerais	X10, X12, X14, X16, X20, X26
Específicas	EM2, EM3, EM5, EM6, EM7

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Improvisación e acompañamento (I-II)	Interpretación/Guitarra
Descritor Desenvolvemento progresivo da improvisación aplicada á guitarra. Principios xerais para desenvolver a capacidade creativa. Tipos de improvisación libre e condicionada. Aplicación da improvisación á práctica do acompañamento.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T9
Xerais	X2, X4, X6, X7, X13, X17, X21, X22, X26
Específicas	E12, E13, E14, E15, E17, E18, E19

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Improvisación e acompañamento (I-IV)	Interpretación/Acordeón; Piano
Descritor Desenvolvemento de capacidades que permitan a práctica da improvisación nun instrumento polifónico a través do coñecemento dos elementos e procedementos construtivos. Principios básicos do acompañamento nos diferentes estilos e en diferentes formacións instrumentais. Práctica do baixo cifrado.	



Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T15
Xerais	X2, X7, X8, X17, X21, X22, X23
Específicas	EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Improvisación e acompañamento pianístico (I-IV)	Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
<b>Descritor</b> Desenvolvemento de capacidades que permitan a práctica da improvisación ao piano, a través do coñecemento dos elementos e procedementos construtivos. Traballo da lectura a primeira vista e a transposición. Principios básicos do acompañamento nos diferentes estilos e en diferentes formacións instrumentais. Improvisación a partir de diferentes elementos musicais (estruturas harmónico-formais, melódicas, rítmicas, etc.). Práctica do baixo cifrado. Consecución de ferramentas destinadas á súa aplicación no seu desenvolvemento profesional.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T7, T15
Xerais	X2, X7, X8, X17, X21, X22, X23
Específicas	EP3, EP4

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Institucións educativas	Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
<b>Descritor</b> As organizacións e centros educativos: estruturas educativas dos diferentes niveis con incidencia nos de ensinanzas artísticas. Teorías da desescolarización. Tradición e presente nas organizacións escolares. Lexislación. Organización e desenvolvemento de institucións educativas. Mellora e acción educativa. Xestión da convivencia. Avaliación de centros.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T12, T15
Xerais	X16
Específicas	EP1, EP6, EP7

Disciplina	Especialidade/Itinerario
Instrumentación (I-VIII)	Composición
<b>Descritor</b> Estudo e análise de obras e linguaxes compositivas diversas. Coñecemento de diferentes técnicas compositivas e sistemas de notación. Coñecemento das diferentes características e posibilidades técnicas e expresivas dos instrumentos e das resultantes derivadas da súa combinación. Coñecemento e asimilación dunha ampla gama de recursos creativos a través do traballo en distintos contextos artísticos con formacións vocais e instrumentais diversas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T15
Xerais	X5, X10, X15, X17, X20, X23
Específicas	EC1, EC2, EC3, EC4, EC5, EC6, EC11



Disciplina Instrumento (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón
<b>Descritor</b> Perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas que permitan abordar a interpretación do repertorio propio do instrumento. Coñecemento dos criterios interpretativos aplicables ao dito repertorio, de acordo coa súa evolución estilística.	
<b>Competencias que se adquiren</b>	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T12, T13, T15, T17
Xerais	X1, X3, X7, X8, X11, X13, X16, X17, X21, X24, X25, X27
Específicas	E11, E12, E14, E15, E16, E10

Disciplina Instrumento (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Guitarra
<b>Descritor</b> Aprendizaxe e interpretación dun repertorio principal solista e para guitarra e orquestra. Criterios interpretativos aplicables a este repertorio. Perfeccionamento das capacidades técnica, musical e artística. O xesto escénico. Desenvolvemento dun estilo propio e da madurez creativa.	
<b>Competencias que se adquiren</b>	
Transversais	T1, T12, T13
Xerais	X5, X6, X7, X8, X11, X21, X24, X25
Específicas	E11, E12, E14, E15, E16, E10

Disciplina Instrumento (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Jazz
<b>Descritor</b> Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación, da improvisación, da transposición e da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e con madurez creativa. Adquisición de hábitos e técnicas de estudo e valoración crítica do traballo propio. Interpretación en público como solista ou xunto con outros/as intérpretes. Práctica da técnica, dos recursos, do repertorio evolutivo e estilístico do instrumento, así como o coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento.	
<b>Competencias que se adquiren</b>	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15
Xerais	X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25
Específicas	E11, E12, E14, E15, E16, E17, E10

Disciplina Instrumento (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Piano
<b>Descritor</b> Síntese e dominio das dimensións da interpretación musical pianística e do repertorio do instrumento. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e da madurez creativa, con hábitos e técnicas de estudo adecuados e valorando criticamente o traballo. Preparación adecuada para a interpretación en público e das técnicas de control postural e emocional.	
<b>Competencias que se adquiren</b>	
Transversais	T1, T3, T6, T13
Xerais	X1, X3, X6, X8, X11, X19, X21, X24, X25
Específicas	E11, E12, E14, E15, E16, E10



Disciplina Instrumento (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Corda fretada; Percusión; Vento madeira; Vento metal
Descritor Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madureza creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
Xerais	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
Específicas	E11, E12, E14, E15, E16, E10

Disciplina Instrumentos afíns (I-II)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón
Descritor Desenvolvemento da aprendizaxe básica dos instrumentos que empregan o mesmo principio sonoro que o acordeón: a lingüeta libre metálica; accionada con manuais de teclas ou botóns e posta en vibración por medio de fol ou sopro. Diferenzas entre instrumentos unisonoros e bisonoros.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T14
Xerais	X1, X2, X6, X19, X21, X24
Específicas	E11, E12, E13, E14, E15

Disciplina Instrumentos escolares	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Práctica da técnica dos instrumentos escolares. Aprendizaxe do repertorio para os diferentes niveis. Lectura a primeira vista e improvisación. A práctica de conxunto. Construción de instrumentos. Instrumentación. Dirección. Metodoloxía no proceso do ensino e aprendizaxe.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T7, T10, T16, T17
Xerais	X1, X2, X3, X4, X6, X7, X8, X13, X20, X22
Específicas	EP2, EP3, EP4, EP5, EP8, EP11

Disciplina Interpretacións históricas (I-III)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Consecución de ferramentas, aprendizaxe e práctica dos distintos elementos que forman os criterios interpretativos da época renacentista e barroca, estilos e autores/as. Desenvolvemento do espírito crítico sobre interpretacións actuais do repertorio da época.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T5, T9, T13, T14
Xerais	X1, X2, X3, X4, X7, X8, X9, X12, X14, X25
Específicas	E11, E12, E13, E15, E17, E18





Disciplina Introdución á etnomusicoloxía	Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor Estudo e análise dos fundamentos e características da etnomusicoloxía. Estudo das principais escolas etnomusicolóxicas desde a formación da disciplina ata a actualidade en perspectiva diacrónica: músicas obxecto de estudo, métodos de investigación aplicados, concepcións e crítica das diferentes posicións teóricas.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T8, T9, T14
Xerais	X3, X10, X18, X23
Específicas Interpretación	EI2, EI5, EI6
Específicas Musicoloxía	EM6

Disciplina Introdución á investigación	Especialidade/Itinerario Composición Interpretación/Acordeón; Canto; Corda fretada; Guitarra; ITP; Jazz; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Fundamentos de heurística relativos á busca, definición e localización das fontes da música. Técnicas específicas de estudo e de hermenéutica. Manexo de recursos bibliográficos, ferramentas de consulta e fontes diversas (literarias, musicais, iconográficas, de tradición oral, sonoras, etc.).	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T14
Xerais	X10, X13, X18, X25, X26
Específicas Composición	EC7, EC10
Específicas Interpretación	EI6
Específicas Musicoloxía	EM5, EM6
Específicas Pedagogía	EP10

Disciplina Investigación educativa	Especialidade/Itinerario Pedagogía/do instrumento/canto; xeral e da linguaxe musical
Descritor Paradigmas de investigación en educación. Proceso xeral: deseño e desenvolvemento da investigación. Problemas, fontes e hipóteses. Análise, interpretación e informe. Investigación cuantitativa: experimental, correlacional e descritiva. Investigación cualitativa: etnografía, estudo de casos. Investigación-acción. Estatística. Análise de datos. Deseño dunha investigación.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T12, T14, T15
Xerais	X10, X13, X18, X24, X25
Específicas	EP7, EP10



Disciplina Lectura a primeira vista e transposición (I-II)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Corda fretada; Percusión; Vento madeira; Vento metal
Descritor Práctica da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dos aspectos técnicos, da axilidade e automatismos necesarios para a comprensión e interpretación inmediatas dun texto musical. Práctica da transposición de textos musicais a diferentes tonalidades.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T6, T13, T15	
Xerais	X1, X2, X3, X13, X21, X24	
Específicas	E11, E12, E14, E15, E17, E19	

Disciplina Lectura a primeira vista e transposición (I-IV)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón; Piano
Descritor Práctica da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dos aspectos técnicos, da axilidade e automatismos necesarios para a comprensión e interpretación inmediatas dun texto musical. Práctica da transposición de textos musicais a diferentes tonalidades.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T6, T13, T15	
Xerais	X1, X2, X3, X13, X21, X24	
Específicas	E11, E12, E14, E15, E17, E19	

Disciplina Lectura a primeira vista e transposición (I-IV)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Guitarra
Descritor Desenvolvemento da capacidade de lectura a primeira vista con guitarra nas diferentes posicións e ámbitos do mastro. Transposición na guitarra. Desenvolvemento da comprensión dos elementos e procedementos construtivos (estruturas harmónicas básicas, procesos formais, etc.) a través dun repertorio axeitado.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T3, T6, T7, T13	
Xerais	X2, X3, X6, X7, X8, X13, X19, X22, X24	
Específicas	E12, E13, E14, E17, E19	

Disciplina Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica (I-II)		Especialidade/Itinerario Interpretación/Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia Musicoloxía/Etnomusicoloxía
Descritor Aproximación ás diferentes liñas de investigación na etnomusicoloxía contemporánea, coñecendo os recursos metodolóxicos e concepcións arredor da música no seu contexto antropolóxico e social. Iniciación nas técnicas de investigación propias do campo etnomusicolóxico, para a elaboración de proxectos de investigación, desenvolvendo técnicas de redacción e presentación de traballos de investigación.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T14	
Xerais	X3, X5, X10, X11, X12, X23, X25	
Específicas Interpretación	E11, E16	
Específicas Musicoloxía	EM5, EM6	



Disciplina Metodoloxía da investigación histórica (I-II)	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica
Descritor Aproximación ás diferentes liñas de investigación histórica, coñecendo os recursos metodolóxicos e concepcións arredor da música no seu contexto. Iniciación nas técnicas de investigación histórica para a elaboración de proxectos de investigación, desenvolvendo os recursos de redacción propios para a presentación de traballos de investigación profesionais.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T3, T4, T8, T14
Xerais	X3, X5, X10, X11, X12, X23, X25
Específicas	EM5, EM6

Disciplina Metodoloxías para a análise musical	Especialidade/Itinerario Musicoloxía/Histórica; Etnomusicoloxía
Descritor Coñecemento das metodoloxías analíticas e a súa aplicación práctica como ferramenta que permite o achegamento desde diferentes perspectivas á obra musical.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T2, T4, T8
Xerais	X3, X5, X10, X13, X14, X18, X25
Específicas	EM1, EM2, EM3, EM5, EM6, EM7, EM8

Disciplina Música de cámara (I-II)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Canto
Descritor Práctica da interpretación musical en diferentes formacións camerísticas con voz. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio e de capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e a integración no conxunto vocal e/ou instrumental, así como a cooperación no establecemento de criterios interpretativos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T10, T13
Xerais	X2, X8, X10, X21, X24
Específicas	EI2, EI3, EI6, EI8, EI9, EI10

Disciplina Música de cámara (I-VIII)	Especialidade/Itinerario Interpretación/Acordeón; Corda fretada; Guitarra; Percusión; Piano; Vento madeira; Vento metal
Descritor Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de cámara do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica de lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	
Competencias que se adquiren	
Transversais	T1, T3, T6, T7, T10, T13
